

## CUESTIÓN S PLANTEXADAS POLA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO POLA CRISE DO CORONAVIRUS

A Coruña, a 16 de marzo de 2020

Sr.D. José Ramón Lete Lasa  
Secretario Xeral para o Deporte  
Xunta de Galicia

Estimado Secretario Xeral:

En relación á invitación recibida para facer aportación s á xuntanza que terá mañá martes o Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, D. José Ramón Lete Lasa, co Consello Superior de Deportes sobre as medidas contra o coronavirus, propoño as seguintes cuestión s:

**1. As vindeiras convocatorias dos Campionatos de España.** Recentemente aprazouse, entre outros, a celebración do Campionato de España CSD de Campo a Través Sub18 e Sub16, previsto en Pamplona. A FGA, como o resto de federación s autonómicas, tivo que contratar con carácter previo o autobús e o hotel e hai unha parte dos custos que xa non poderá recuperar. Esta situación vaise repetir en vindeiras convocatorias, por exemplo no Campionato de España de Federación s Autonómicas de Probas Combinadas a disputar en Canarias o 2 e 3 de maio. Pero tamén os clubs están tendo perdas económicas polos lóxicos aprazamentos doutros Campionatos de España Individuais. Tendo en conta as últimas manifestación s de membros do Goberno de España de que o “estado de alarma” vaise ter que prolongar, **proponse que a posible suspensión de competición s englobadas nas función s públicas delegadas, Campionatos de España, Selección s Autonómicas, Ligas de Clubs... se faga esta mesma semana, desde o CSD, para evitar custos improdutivos por parte dos clubs ou federación autonómicas.**

**2. Cobertura de accidentes deportivos.** Segundo o RD 463/2020 as aseguradoras non se farán responsables de asistir e cubrir os accidentes de tráfico amparados na póliza, salvo que se demostre que o motivo o desprazamento estaba autorizado. No ámbito deportivo, durante o período oficial no que se prohiben os adestramentos que afectarán, aparte doutra poboación, a todos os deportistas federados que posúen un seguro de accidentes deportivos non se producirán lesión s deportivas. Proponse a publicación dun decreto por parte do Goberno de España o, no seu caso, da Xunta de Galicia, para que **as**

**compañías de seguros devolvan aos clubs a parte proporcional do tempo en que non poidan adestrar ou ben, reduzan no vindeiro ano as cotas na mesma medida.**

**3. Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE).** Algún club galego trasladou á FGA a súa preocupación por ter que cesar a súa actividade oficial (adestramentos e competicións) o que implica deixar de cobrar cotas e ter que seguir soportando os custos do persoal técnico (salarios e seguridade social). **Proponse algunha clarificación por parte do Goberno Central e/ou Autonómico sobre esa realidade que afecta a aqueles clubs que están cumprindo coa legalidade na súa vinculación laboral cos técnicos deportivos.**

**4. A suspensión dos adestramentos e competicións.** Esta FGA, co ánimo de contribuír solidariamente a evitar a propagación do coronavirus, apoia sen paliativos dita medida ata que as autoridades públicas modifiquen a disposición. Pero é incuestionable que, no caso de que finalmente se amplíe o prazo sen poder adestrar, o proceso de preparación dos deportistas vaise resentir gravemente. Tendo en conta a relevancia da participación española nos Xogos Olímpicos, no caso de que se celebren ou non, **proponse abordar dita cuestión, como tema monográfico, para buscar solucións, probablemente distintas segundo o deporte practicado, que non poñan en risco a saúde pública**

Atentamente:



Isidoro Hornillos Baz  
Presidente da Federación Galega de Atletismo